

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Baamonde
Pedro Pablo Gutiérrez
Juan Corbacho Valencia
Alberto Dafonte
Ana Belén Fernández Souto
David Formoso Vázquez
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
Xabier Martínez Rolán
M^a Isabel Míguez
Julinda Molares
Román Pereiro Rguez-Lepina
Paulino Pérez Feijoó
Diana Ramahí
Fortunato Rodríguez
Emma Torres Romay
José Rúas Araujo
Montse Vázquez Gestal
Javier Abuín

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Carmen López de Aguieta
Alberto Pena Rodríguez
M^a Isabel Moreira Recamán
Ana Suárez Mariño

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 9 de abril de 2019, convocada para as 13:15 h en primeira convocatoria e ás 13:45 h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 9 de abril de 2019, ás 13:45 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta do 20 de marzo de 2019:

O profesor Paulino Pérez Feijoó retráctase das súas afirmacións na acta do 20 de marzo sobre un dos convidados nas xornadas de Empregabilidade organizadas dende o departamento e o Grao de Comunicación Audiovisual.

Apróbase.

2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa:

- Solicitud feita pola profesora Emma Torres sobre recollida de material escolar solidario para levar a Marrocos.
- Acaba de chegar a información sobre os diversos concursos que convoca a Universidade de Vigo.

3. Aprobación, se procede, da proposta de POD do curso 2019-2020.

Antes das explicacións sobre as propostas de POD's realizadas tras as reunións cos profesores a tempo completo e tempo parcial, o director explica a reunión mantida a tarde anterior co vicerreitor de Organización Académica e a directora da Área de Profesorado que informaron das propostas de promoción previstas nas vindeiras datas.

Sobre os profesores Contratados Doutores Interinos: a previsión é que, una vez baleiradas as bolsas de Catedráticos e Titulares de Universidade, se proceda á estabilización dos contratados doutores interinos dentro de, previsiblemente, dous anos.

O profesor Oswaldo García mostra a súa preocupación porque non hai una previsión concreta, nin calendario nin verbalización ou plasmación de cómo se vai desenvolver todo este proceso e afirma que non dan as contas sobre o tempo que teñen que estar de interinos (3 anos) e o tempo para que saia a súa praza. Mostra a súa preocupación porque non lles dan resposta, nin do tempo que o van facer, nin cales van ser os criterios para sacar as prazas, nin hai información.

A profesora Silvia García Mirón mostra a mesma preocupación, manifesta as súas dúbidas sobre a saída de todas as prazas. Teñen data de caducidade: 3 anos de interinidade. A Vicerreitoría de Organización Académica preocupouse de catedráticos, titulares de universidade, de asociados para pasar a axudantes doutores, pero sobre os contratados doutores interinos non hai ningunha garantía, que están en terra de ninguén. Afirma que non piden nada ao que non teñan dereito, que foi aprobado xa nunha sesión do Claustro da Universidade de Vigo.

O profesor Oswaldo García insiste en que todas as categorías de profesorado teñen clara a súa promoción de prazas, pero non ocorre iso cos contratados doutores interinos, todos teñen claro o seu escenario de evolución menos eles, non teñen información, hai unha importante indefinición co seu futuro. Afirma que non entende como coa cantidade de casos de interinidades nas administración públicas que acaban nos xulgados, a Universidade non fai o que debe.

A profesora Diana Ramahí informa ademais que debería terse en conta que, nesta área, hai moitos docentes nesta situación.

A profesora M^a Isabel Míguez manifesta que se están a consolidar un tipo de prazas e outras se deixan de lado, créanse prazas sen garantías de continuidade e non se lles dá resposta aos interinos.

O director do departamento informa que se lle trasladarán todas estas cuestións á Vicerreitoría de Organización Académica.

Infórmase que, tras as reunións e a elección de docencia, hai un total de 635 horas sen asignar, das que 470 horas son do primeiro semestre o que se trasladou ao vicerreitor e á directora da Área de Profesorado. Falouse dos tipos de prazas que poderían saír a concurso, tendo en conta que non se trata só da docencia real senón da previsión e previsión tendo en conta descontos, excedencias... Formuláronse unha ou dúas prazas de axudantes doutores e, incluso, de listas de agarda....

Sobre as propostas de POD's, a secretaria de departamento informa dalgunhas modificacións feitas despois das propostas enviadas, e que foron solicitadas por algúns docentes, tanto por cambios de dedicacións coma por erros que non foran detectados.

Infórmase que os asociados foron renovados e José Manuel López aumentou a 180 horas. Non se renova á profesora Miriam Raposeiras por problemas co horario e a súa compatibilidade.

O profesor Jorge Lens pregunta se se falou co profesor Carlos Soutelo pois ten docencia na titulación de Publicidade e RRPP o que fai difícil a compatibilidade. A secretaria afirma que se lle manifestou

claramente que tanto a docencia de Fotografía Publicitaria coma a de Teoría e Técnica da Imaxe no Grao de Publicidade son de mañá, polo que se lle ofreceu rebaixar a súa dedicación a un contrato de A3-P4 de 120 horas. O docente acepta a proposta.

A profesora M^a Isabel Miguez recorda que os horarios de Publicidade e Relacións Públicas son de mañá e que a intención do Decanato é que volvan as ditas franxas horarias; que as excepcións que se fagan serán, ben por ampliacións de grupos ou ben por confluencia de docentes no mesmo tempo, pero non poden ser á carta; que os docentes asociados deben ter clara a súa compatibilidade, pois non se vai facer horario ao seu acomodo.

A secretaria afirma que así se lle fixo saber aos docentes asociados e, en todo caso, unha vez que sexan aprobados os horarios, deben pedir a compatibilidade e, de non acadala, terán que reducir a súa dedicación, o que será un problema engadido á docencia vacante xa existente.

Apróbanse as propostas de POD's do Grao de Publicidade e Relacións Públicas e do Grao de Comunicación Audiovisual.

4. Aprobación, se procede, de prazas de profesorado.

Recórdase que hai un total de 635 horas sen asignar, das que 470 horas son do primeiro semestre. O director insiste nas posibilidades ofertadas dende a Vicerreitoría de Organización Académica: axudantes doutores e listas de agarda.

A profesora Emma Torres defende que saian prazas de docente asociado e non prazas que consoliden. Establece que é importante o traballo dos docentes asociados, pero que tampouco pode ser unha porta de atrás para que os docentes asociados accedan a prazas a tempo completo, porque entón non falamos de docentes asociados senón de axudantes doutores.

Entende que deben saír prazas de docente asociado e non de axudantes doutores porque non se sabe en realidade cal é a capacidade da área, pois debe terse en conta ao profesorado interino, así como a docencia do profesor que se atopa en excedencia e a saída de prazas que consoliden pode facer perigar a estas persoas. Manifesta ademais que na Área de Comunicación Audiovisual non é viable a creación de listas de agarda.

No mesmo sentido e da mesma opinión son outros profesores: Juan Corbacho, M^a Isabel Miguez, Xabier Martínez Rolán, Beatriz Legerén, Silvia García Mirón, Diana Ramahí e Oswaldo García Crespo, que defenden a saída de prazas de docente asociado fronte a prazas de axudante doutor.

Desde a dirección do departamento insístese na importancia de prazas que poidan consolidar.

A profesora Montse Vázquez recorda que o problema dos docentes asociados cos horarios, que se manifestan na actualidade, poden empeorar se saen máis prazas deste tipo.

Finalmente, declárase que non se farán solicitudes de prazas porque o Consello considera que non hai suficiente información para decidir.

5.- Asuntos de profesorado

Non hai

6.- Asuntos de trámite

Non hai

7.- Rolda de intervencións

O director do departamento entrégalle ao profesor Oswaldo García un agasallo dos membros do departamento pola súa paternidade.

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 15:00 horas.

En Pontevedra, 9 de abril de 2019

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal